

CEIP DE REFOXOS

Programación

E. Infantil

Curso 2021-22

INDICE

1.- INTRODUCCION E BASE LEGAL	3
2.- CONTEXTUALIZACIÓN	4
3.- CONTRIBUCIÓN O DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	6
4.- OBXECTIVOS	8
5.- CONTIDOS	11
6.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	15
7.- ACTIVIDADES	20
8.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	22
9.- EDUCACIÓN EN VALORES	24
10.- TEMPORALIZACIÓN	25
11.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN	25
12.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	28
13.- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE	29
14.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN O PLAN TIC	30
15.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN O PLAN DE CONVIVENCIA	31
16.- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PRÓPIA PROGRAMACIÓN	32
17.- CONCLUSIÓN	33

1.- Introducción e base legal.

Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro,(LOMLOE), pola que modifícase a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE).

Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e Orde do 25 de xullo do 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 2021/2022.

Plan de continxencia elaborado polo centro.

Plan de acollida.

Orde 3,5/2020, do 22 de abril, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 e o inicio do curso 2020/2021.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, nas que están determinadas liñas para a preparación do curso 2020/2021.

Orde EFP/5,1/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021.

Protocolo do 22 de xullo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021.

Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Resolución conxunta das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade que aproban as instrucións polas que se incorporan a Declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (D.O.G nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao Protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non Universitario de Galicia para o curso 2020-2021.

2.- Contextualización.

Esta programación esta deseñada para levarse a cabo nunha aula de educación infantil mixta composta por 9 crianzas en 5ºEI e 4 crianzas en 6ºEI., dos cales quero destacar a nova incorporación dun neno de 5º de Infantil que accede por primeira vez a un centro educativo e unha nena de 6º de Infantil, que xa estivo escolarizada anteriormente, ambos irmáns procedentes de Holanda. Para atender a estas crianzas en concreto, terei en conta o Plan de acollida do centro e ademais de coidar moito o inicio do curso e a súa adaptación ao centro, as estratexias a levar a cabo con eles irán encamiñadas a inmersión e seguimento, recibindo unha atención específica e individualizada por parte da titora e do profesorado de apoio dentro da aula.

A lingua materna maioritaria entre o alumnado é o galego polo que esta será a lingua vehicular que empregarei na aula, aínda que usarei o castelán en determinados contextos para que fagan uso da segunda lingua oficial de Galicia e así conseguir alumnado bilingüe, atendendo así o Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüísimo na Comunidade de Galicia

O alumando terá unha sesión de relixión, os luns, e outra de inglés os martes, impartidas ambas polas especialistas tal como se recolle na Orde do 25 de xuño do 2009. Ademais, tamén contarán cunha sesión semanal de música os mércores, impartida pola

especialista por dispoñibilidade horaria.

Paréceme importante recordar as características evolutivas do alumnado de esta etapa para poder programar axeitadamente.

Segundo a Piaget os nenos de esta etapa atópanse no período preoperacional, o seu pensamento caracterízase pola irreversibilidade, centración, estaticismo, egocentrismo e pensamento transductivo, o que lles esixe ver todo de forma globalizada. A motricidade, tanto fina coma grosa vaise perfeccionando. En canto linguaxe, atopase na etapa lingüística co que vai mellorando e gañando en vocabulario e coherencia a hora de construír oracións longas.

O seu comportamento social cada vez adáptase máis ó seu contorno e van fuxindo do egocentrismo das etapas pasadas. O mesmo tempo van gañando tamén en autonomía persoal facéndose cada vez máis independentes.

Atendendo a estas características o traballo proposto ten como **finalidade** progresar no desenvolvemento motor, cognitivo, lingüístico e socioafectivo do neno sendo esta a finalidade da etapa.

O centro onde levarei a cabo está programación é un colexio de educación infantil e primaria regulado polo Decreto 374/96 do 17 de outubro polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria e a Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, colexios de educación primaria e colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O centro está situado nunha zona rural cunha área de influencia que abarca as dúas parroquias do interior do Concello de Oia: Loureza e Burgueira. O contexto sociolingüístico é galego falante case na súa totalidade cunha grande influencia do castelán cada curso máis palpable.

O centro cumpre co recollido no Real Decreto 132/2010 do 12 de febreiro polo que

se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

En canto o persoal docente, cumpre co establecido no catálogo de centros.

Ten xornada continuada con horario de 9:00 a 14:00 regulada na Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados. Conta tamén con servizo de transporte escolar regulada polo Real Decreto 443/2001 do 27 de abril.

O alumnado do centro está agrupado en 5 grupos mixtos: Infantil 4ºEI e 5ºEI e 6ºEI, 1º e 2º EP, 3º e 4º EP e 5º e 6º EP. En total, este curso temos escolarizadas a 44 crianzas: 20 en infantil e 24 en primaria.

Debo sinalar que tendo en conta a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar determinados períodos de docencia presencial con outros de docencia non presencial durante o curso 2021/2022, faise imprescindible establecer adaptacións no marco da organización do currículo e da metodoloxía didáctica.

3.- Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas.

Enténdese por competencias o conxunto de habilidades, coñecementos, destrezas e estratexias adecuadas a un contexto.

O Decreto 330/09 recolle no seu anexo as competencias básicas a desenvolver nesta etapa, que son:

Competencia lingüística: Refírese a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, interpretación e comprensión da realidade expresión de emocións. Esta competencia traballareina en multitude de momentos: dende a entrada, na asemblea, narrar vivencias persoais, ...aproveitarei calquera situación para que

verbalicen os seus traballos, utilizarei os proxectos coma unha boa ferramenta para propoñer situacións reais de escritura, comunicación oral, informática...Coidarei moito os espazos como a biblioteca, tendo presente o **Proxecto Lingüístico**.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (que agrupa á Competencia matemática e á Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico) Traballarei os números, as figuras xeométricas e sobre aspectos cuantitativos e cualitativos como os termos de máis e menos, maior e menor. Facendo proxectos e investigacións, saídas interactuando co mundo natural..., todo isto dende unha perspectiva dinámica e sempre achegándome a vida cotiá fomentando o razoamento matemático.

Competencia dixital: Trátase de espertar habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información. Tratarei de que o alumnado sinta interese por informarse propoñendo situacións de investigación na aula onde teñan que usar diferentes medios para obter información, a busca en enciclopedias ou libros de texto, a exploración directa co entorno e tamén mediante a entrevista a outras persoas, empregando o ordenador e distintas ferramentas tecnolóxicas, tendo en conta o **Plan TIC**.

Competencia de aprender a aprender: Supón dispoñer de habilidades para iniciarse no aprendizaxe e continuo de forma cada vez mais autónoma e eficaz. Deste xeito o neno pode ir formando esquemas para resolver todo tipo de actividades de forma autónoma. Todo isto traballareino a través dos proxectos, da toma propia de decisións, mediante o traballo cooperativo entre iguais e en actividades con diferentes agrupamentos.

Competencias sociais e cívicas (Competencia social e cidadá): Posibilita comprender a sociedade na que vive, cooperar, convivir e comprometerse a melloralala. A través das unidades, dos proxectos plantexados e nas actuacións recollidas no **Plan de Convivencia** do centro traballarei as relacións entre iguais e o medio exterior; proporei

situacións de diálogo e conflito para traballar unha boa resolución de problemas. Tamén se abordarei aspectos coma a empatía, a responsabilidade, a solidariedade, a igualdade, a convivencia, a toma de decisións, a comprensión ...

Conciencia e expresións culturais (Competencia cultural e artística): consistirá en valorar, apreciar, comprender e respectar a nosa cultura e as que nos rodean. Abordarei esta competencia mediante saídas, visitas a monumentos e pobos de interese cultural, celebrando festas propias de Galicia coma o Día das Letras Galegas, en actividades plásticas onde se manifesten diferentes técnicas artísticas e distintos materiais

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (Competencia en autonomía persoal): Tendo como obxectivo formar a persoas independentes e con capacidade de tomar as súas propias decisións, traballarei en todo momento a autonomía e a responsabilidade de tarefas, a capacidade de elixir, traballarei a súa autoestima, o control emocional e a resolución de conflitos. Con todo isto pretendo acadar a independencia do alumnado para poder levar unha vida máis autónoma. responsable da clase, proxectos colaborar na recollida do material...

4.- Obxectivos.

Os obxectivos son capacidades, é dicir, habilidades que espero que acaden os nenos/as como consecuencia da miña intervención.

Os obxectivos están divididos nas 3 áreas curriculares: Área de Coñecemento de si mesmo e Autonomía Persoal, Área de Coñecemento do Contorno e Área de Linguaxes: comunicación e representación.

Os obxectivos que propoño divididos nas tres áreas que engloban esta programación, están extraídos do Decreto 330/2009 e adaptados a miña proposta de traballo, son:

Área: Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

- Formarse unha autoimaxe positiva de si mesmo.
- Avanzar no grao de autonomía persoal e avanzar no dominio da motricidade fina, grossa e na coordinación óculo-manual na realización de tarefas da vida diaria.
- Mostrar actitudes de respecto polas diferenzas individuais de cada un coma o sexo, etnia, cultura...
- Identificar as súas propias características, posibilidades e limitacións e respectar as dos demais.
- Identificar e representar o corpo de forma global e segmentaria, e identificar as súas partes e funcións das mesmas.
- Controlar e reproducir cada vez con maior precisión distintos xestos e movementos.
- Adecuar o comportamento ás propias necesidades ás das outras persoas, e desenvolver actitudes de respecto, axuda e colaboración.
- Adquirir hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, alimentación, saúde e descanso.
- Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación das tarefas.
- Colaborar no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio de disfrute, diversión así coma para o seu desenvolvemento así coma aceptar as regras dos mesmos.

Área: Coñecemento do entorno

- Observar e explorar de forma activa o seu entorno así como respectar este.

- Mostrar interese polo seu medio natural, social e cultural.
- Observar os cambios e modificacións que se producen tanto no contorno exterior e na propia aula.
- Desenvolver actividades de coidado, respecto e responsabilidade co entorno.
- Formular hipóteses, buscar respostas e explicacións para desenvolver os distintos proxectos.
- Relacionarse coas demais persoas interiorizando pautas de comportamento social.
- Coñecer a diferentes grupos sociais próximos as súas experiencias e recoñecer as características de cada un deles.
- Establecer relacións de confianza e afecto cos seus iguais.
- Colaborar nas normas, participar na aula e nas tarefas propostas o longo do curso.
- Respetar as normas e valores da sociedade así como ás persoas que forman parte dela.
- Apreciar os elementos, tradicións e festas propias da cultura Galega.
- Identificar, representar e empregar os números en situacións funcionais e significativas.
- Identificar e usar correctamente conceptos básicos de cantidade.
- Empregar os números para identificar, contar, clasificar, numerar e ordenar elementos da realidade.
- Realizar series seguindo diferentes criterios.

Área: Linguaxes: comunicación e representación

- Utilizar a linguaxe corporal para expresar ideas e sentimentos e como medio de comunicación.

- Empregar a linguaxe oral en distintas situacións da vida da aula.
- Empregar distintas formas de comunicación non verbal para expresar o que pensamos, as nosas experiencias e ideas.
- Mostrar interese e gozo pola aprendizaxe e participación en situacións comunicativas coma na asemblea
- Identificar distintas palabras e frases significativas.
- Iniciarse no código escrito a través de palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais.
- Comprender e recrear pequenos textos traballados na clase coma poesías, retahilas, cancións , refráns,...
- Iniciarse na lectura a través de debuxos, láminas, pictogramas,...
- Iniciarse no uso da biblioteca do centro e da aula.
- Potenciar a capacidade creativa a través de distintas técnicas.
- Achegarse ó coñecemento de diferentes obras tanto literarias coma artísticas.
- Empregar a música e os seus elementos como forma de comunicación e representación.
- Desenvolver a autoconfianza nas producións artísticas persoais e respectar e valorar as das demais persoas.
- Iniciarse no emprego das Tic e outras ferramentas tecnolóxicas e valorar criticamente o seu uso.

Para chegar a acadar todos estes obxectivos debo traballar unha serie de contidos o longo de todo o curso. Estes serán o medio ou a chave para acadar todos os aprendizaxes propostos.

5.- Contidos.

Os **contidos** son o medio que vou a utilizar para a adquisición dos obxectivos anteriormente propostos. Os que vou traballar o longo do curso son:

Área: Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

Bloque 1: O corpo e a propia imaxe

- Representación cada vez mais precisa do esquema corporal tanto global como segmentariamente.
- Adquisición de confianza nas capacidades propias, nas posibilidades e limitacións.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas, aceptación da identidade e características das demais persoas, evitando actitudes discriminatorias

Bloque 2: Xogo e movemento

- Participación nos xogos e na actividade motriz.
- Coordinación progresiva das habilidades psicomotrices tanto finas coma grosas así coma na coordinación óculo-manual.
- Adquisición dun maior dominio das súas capacidades corporais: desenvolvemento de habilidades motoras, control do ton, do equilibrio e da respiración

Bloque 3: A actividade cotiá

- Interese por participar nas actividades da vida cotiá con iniciativa e progresando na autonomía persoal e regulando o propio comportamento.
- Planificación secuenciada da acción para resolver tarefas da vida diaria.

Bloque 4: O coidado persoal e a saúde

- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo, hixiene, alimentación, descanso...
- Fomento de hábitos de prevención de enfermidades e accidentes
- Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.

Área: Coñecemento do entorno

Bloque 1: Medio físico: elementos, relacións e medida

- Interese pola exploración, observación, respecto e coidado de obxectos e materiais da aula e do entorno
- Recoñecemento de atributos e propiedades dos obxectos.
- Realización de seriacións, clasificacións e ordenacións atendendo a distintos criterios
- Identificación, reprodución e uso dos números en situacións significativas e funcionais.
- Resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá
- Aproximación a algunhas magnitudes físicas.
- Exploración lúdica das propiedades e características de distintos corpos xeométricos.
- Adquisición progresiva da noción do paso do tempo mediante as actividades da vida cotiá
- Vivencia, representación e interpretación do espazo empregando a imaxinación en debuxos, fotografías ou mapas.

Bloque 2: Achegamento a natureza

- Observación de seres vivos no seu medio natural rexistrando datos establecendo comparacións.
- Curiosidade, respecto e coidado cara os elementos do medio natural, social e cultural
- Descubrimento das diferentes formas nas que se atopa a auga na natureza, valorando a súa conservación e a necesidade de facer un uso responsable dela
- Participación en proxectos e investigacións no medio natural, cultural e social.

expresando as actividades realizadas e os resultados obtidos en diferentes representacións

Bloque 3: Cultura e vida en sociedade

- Valoración de las relaciones afectivas que se establecen entre a familia e a escola
- Disposición favorable para manter relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos de outras culturas
- Colaboración co resto de compañeiros na vida da aula, mostrando disposición por compartir e resolver conflitos
- Respecto das normas e valores da aula, do centro e da sociedade así como das persoas que forman parte das mesmas.

Área: Linguaxes: comunicación e representación

Bloque 1: Linguaxe verbal

- Interese por comunicar e expresar ideas, sentimentos e emocións empregando a linguaxe oral e as distintas formas de comunicación e representación.
- Aumento progresivo de vocabulario
- Participación de forma oral en conversas, narracións e anécdotas
- Interese e atención na escoita de narracións lidas por outras persoas
- Iniciación no uso da lectura e da escritura en situacións contextualizadas e reais
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica e emprego destas como forma de comunicación con outras persoas.
- Reprodución e identificación de distintos tipos de textos e emprego destes na aula.
- Discriminación e utilización de palabras significativas empregadas na aula.

- Memorización e recitado de algúns textos literarios
- Introducción ao uso das bibliotecas do centro e da aula como medio de aproximación a lectura e como un espazo privilexiado e de disfrute.

Bloque 2: Linguaxes artísticas: plástico, musical e corporal

- Exploración a través das linguaxes artísticas dos elementos presentes no entorno
- Potenciación da imaxinación, a creatividade e a fantasía a través de distintas técnicas e materiais.
- Gozo polas obras artísticas distinguindo elementos básicos coma as formas, a cor e as texturas
- Planificación do proceso de elaboración dunha obra plástica, desenvolvemento e posterior comunicación e respecto polas dos demais.
- Audición atenta de obras musicais e a participación nas mesmas a través de danzas, xogos...
- Emprego de distintos elementos da linguaxe musical como forma de comunicación e representación.

Bloque 3: Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e a comunicación

- Identificación da utilidade de diversos instrumentos e ferramentas tecnolóxicas coma fontes de información, de comunicación e investigación.
- Coñecemento, coidado e uso das ferramentas tecnolóxicas e valoración crítica das mesmas.

6.- Metodoloxía didáctica

Na miña aula empregarei unha metodoloxía activa, participativa, centrada na aprendizaxe por descubrimento e no constructivismo, partindo dos principios derivados da Escola Nova: interese, motivación, individualización, globalización....

Terei en conta as orientacións metodolóxicas establecidas no noso Decreto de currículo, o Decreto 330/09, que paso a analizar a continuación.

- Ambiente de aprendizaxe: Espazos, tempo e recursos

Unha adecuada organización dos espazos, do tempo e dos recursos, será fundamental para a consecución da miña programación dentro do grupo aula.

Os **espazos** organizareinos de xeito que os nenos/as vexan a aula coma súa en todo momento. Por iso crearei un ambiente próximo, respondendo ás necesidades de actividade do alumnado programando tanto os espazos interiores coma exteriores.

A miña aula estará disposta de dúas zonas: zona de traballo individual, onde se atoparan as mesas e cadeiras de cada neno e zona de traballo por recantos. A zona de traballo individual estará repartida en tres mesas, dúas delas ocupadas por nenos e nenas de 4 anos e outra ocupada por nenas de 5 anos.

En canto a zona de traballo por recantos estes estarán repartidos por toda a aula. Os recantos dos que dispón a miña aula son:

- Recanto dos internautas: onde se atopa o ordenador portátil e a PDI.
- Recanto da biblioteca: onde se atopan todos os contos ben visibles, unha pizarra magnética, letras magnéticas, cómics, revistas e puzzles.
- Recanto matemático: usarémolo para traballar conceptos lóxico-matemáticos a través da exploración, manipulación e de materiais significativos. Neste espazo haberá unha recta numérica, pinzas, dados, regletas, boliñas de cores, bloques lóxicos...
- Recanto da fantasía: repartido en diferentes minirecantos de xogo simbólico. Neste

recanto hai unha cociña, un teatro con monicreques, unha perruquería e un taller de construción.

- Recanto lectoescritor: deseñado para traballar a lectoescritura de xeito significativo e lúdico. Nel atoparanse maletas de letras, caixas de palabras, pictogramas, pizarras veleda, letras magnéticas, saquiños de sílabas...
- Recanto do noso proxecto: será o espazo que esta destinado a unidade que esteamos a realizar e onde recompilaremos a información e o material que recollamos nas nosas investigacións.

En canto ao **tempo** atenderéi ás necesidades dos meus alumnos/as relacionadas con momentos de actividade, xogo, descanso e de relaxación. Terei un horario flexible e respectarei os ritmos individuais de cada neno.

Ademais das actividades diarias que realizarei o longo das unidades, terei establecidas unhas rutinas diarias: asemblea e rutinas do día, aseo, merendas e o xogo por recantos.

En canto os **recursos** clasificareinos en materiais e humanos.

Como recursos materiais, usaremos todo tipo de materiais funxibles coma papeis de cores de diferentes tipos, pinturas, témperas, pegamentos, lapis, rotuladores, cartolinas...materiais non funxibles coma tesoiras, punzóns, pinceis... materiais de refugallo como tapóns, cartóns, tetrabrik... así coma materias do contorno natural: follas, pedras, area,...materiais do entorno social e cultural coma tickets dos transportes, entradas do cine... materiais elaborados polos nenos e materiais aportados polas familias.

Como recursos humanos están todas as persoas que participan no proxecto educativo da miña aula o longo do curso; estes son tódalas nenas e nenos, eu como titora, os mestres do centro, as familias, monitores de saídas e todos os profesionais de distintos colectivos que invitamos á aula.

- Perspectiva didáctica

Na miña aula seguirei os principios metodolóxicos que considero máis adecuados. Aposto por unha ensinanza que se constrúa mediante una aprendizaxe significativa, partindo sempre dos coñecementos previos do alumnado. Traballarei da maneira globalizada favorecendo en todo momento a aprendizaxe activa por parte de alumnado e así potenciar a súa autonomía. Creo imprescindible crear un clima de seguridade e confianza onde o alumnado se sinta a gusto e potenciarei as aprendizaxes dende unha perspectiva lúdica tendo o xogo como principal ferramenta para a aprendizaxe. Tamén potenciarei a aprendizaxe individualizada e socializadora atendendo sempre as necesidades específicas de cada neno/a. Coidarei o ambiente da aula e fomentarei as normas de convivencia.

- Papel do profesorado

É fundamental potenciar no alumnado unha serie de habilidades de pensamento que lle axuden a atopar sentido a súa experiencia por iso actuarei como guía orientadora do proceso de aprendizaxe estimulando a creatividade e ofrecéndolle un clima de confianza e seguridade. Terei unha actitude de escoita, ofrecerei unha linguaxe rica e elaborada propiciando experiencias con nenos doutras aulas e mediante estímulos motivadores para eles. Potenciarei o diálogo e fomentarei momentos onde teñan que poñer en marcha procesos lectoescritores, valorando todos os trabalados de forma positiva e cultivando a espontaneidade. Crearei un ambiente de confianza e afecto onde o alumnado se sinta seguro e invite a participar do proceso de ensinanza aprendizaxe.

- Papel do alumando

Terei en conta as ideas previas dos nenos, partindo delas para formar novos coñecementos, estimularéi a capacidade para descubrir e sentirse exploradores activos, proporcionándolle os medios que sexan necesarios.

Ofrecereille situacións de aprendizaxe que potencien a toma de decisións, potenciando a

súa autonomía. Enfrontarei o alumnado a situacións de reflexión sobre os seus progresos a través da análise dos seus traballos, fortalecendo así a súa autoestima.

- Agrupamentos

No que atinxe ós agrupamentos procurarei que durante toda a xornada os nenos traballen de xeito variado, isto é, en gran grupo, en pequeno grupo e de forma individual. Tamén terei deseñadas diversas actividades por niveis e outras nas que se favorezan os agrupamentos mixtos entre alumnado de diferentes niveis.

Traballaran en gran grupo, por exemplo, na hora da asemblea onde intercambian experiencias persoais ou na hora do conto. En pequeno grupo en momentos de traballo como por exemplo na busca de información, e o traballo individual na zona de traballo ao enfrontarse as actividades impresas, actividades manipulativas ou talleres plásticos.

- Apertura o entorno

É de gran importancia que os nenos teñan experiencias educativas non so nas aulas senón tamén no entorno do centro, xa que unha das fins da etapa é a socialización, descubrir e manifestar as condutas que nese entorno son as que facilitan a convivencia e participación. Por iso o longo do curso vou propoñer actividades de intercambio de experiencias, noutro momento podería programar saídas, intercambios con nenos e nenas doutras aulas, invitar a colectivos as aula... pero este curso, por mor da pandemia sanitaria, a apertura da aula a contorna está limitada a actividades telemáticas ou por videoconferencia xa que non se poden facer intercambios con persoas de fora do noso grupo burbulla do centro.

Por outro lado, paréceme de gran importancia, a relación coordinada coas familias, xa que a educación e a aprendizaxe dos nenos están moi ligadas a súa vida cotiá, nas súas experiencias e vivencias. Para propiciar a participación das familias na aula farei ao longo de todo o curso: varias reunións ó trimestre por vía telemática, contactarei coas familias por diferentes canles coma correo electrónico, coa sobre que viaxa na mochila ou

plataforma abalar, invitarei as familias a que participen sempre que queiran na aula contando experiencias (telemática ou videoconferencia).

Paréceme oportuno sinalar que a metodoloxía empregada neste curso verase afectada polas medidas de seguridade por mor da pandemia pola COVID 19 polo que todos os espazos, agrupamentos, e actividades contarán coas medidas oportunas para garantir a máxima seguridade do alumnado.

7.- Actividades.

Ao longo de todo o curso realizarei diversas actividades referidas os centros de interese e traballando os contidos anteriormente mencionados.

As actividades adecuaranse aos obxectivos, tipos de contidos, características e necesidades dos nenos e nenas, tendo en conta os seus coñecementos previos, intereses e motivacións. Todas estas actividades danme pe a adecualas tamén os diferentes niveis que teño dentro da aula, xa que o tratarse dunha aula mixta, con nenos e nenas de 4 e 5 anos, é un grupo moi diverso. As actividades que levarei a cabo son:

Actividades de motivación e ideas previas. Propoño actividades que fomenten o interese e a participación dos nenos ademais de servirme a min como punto de partida. Nelas empregarei: caixas sorpresa, saídas pola contorna, contos, cartas da mascota, decoración da aula, exposicións de fotos e vídeos...

Actividades de desenvolvemento. Cada unidade presenta un conxunto de actividades coas que pretendo que os nenos descubran, organicen e relacionen a información que van recibindo. Estas actividades xiraran entorno a estes núcleos:

- **Os números:** comezando por actividades de vivenciación de número. Posteriormente actividades de manipulación e por último simbolización. Faremos actividades como trazado de números, correspondencias, medindo coas partes do noso corpo, xogando...

- **As figuras xeométricas e as cores:** a través de xogos cos bloques lóxicos: clasificar, seriar, agrupar, ordenar; tamén manipulando obxectos de distintas cores, formas,

tamaños...

- Conceptos básicos: seguirá o mesmo proceso de traballo cos números, realizaranse actividades como situarse no espazo segundo un criterio, localizar e colocar obxectos...

- O conto: será un recurso moi importante o cal dará pe a moitas actividades de expresión plástica, oral, corporal; todo isto a través de debuxos, diálogos, dramatizacións, modelado, imitación de personaxes, expresión de sentimentos...

- A canción: interpretaremos cancións acompañadas de movementos, xestos, producións de sons co corpo, danzas sinxelas, audicións e ditados rítmicos, ...

En cada unidade realizarei talleres ademais dunha pequena investigación do medio.

Para o achegamento a **lectoescritura** utilizarei un enfoque equilibrado con propostas dos métodos decodificadores e con actividades propias do enfoque constructivista que propón situacións reais de lectura e escritura. Debo sinalar que adecuarei as actividades de lectoescritura ao nivel de cada alumno/a tendo en conta o seu nivel de desenvolvemento así como as súas ideas previas. Realizaremos actividades como a lectura de contos, narracións, poesías, noticias significativas para eles, traballando a lectura de imaxes, a través de logotipos publicitarios...

Actividades de síntese. Estas actividades servirán para afianzar os diferentes tipos de capacidades e por outro lado serviranme como avaliación final do proceso de ensino-aprendizaxe. Entre estas actividades atópanse: as dramatizacións, os murais, elaboración de libros, diálogos.

Ademais disto terei unha serie de actividades de reforzo e de ampliación para atender a diversidade da aula. As de reforzo destinadas a aqueles alumnos cun ritmo de aprendizaxe mais lento, xirarán en torno a conceptos básicos, letras, números, cores, a través de laminas de traballo, actividades dixitais, momentos no ordenador,... As de ampliación terán como obxectivo construír e ampliar novos coñecementos dos nenos que fixeron con mais rapidez e éxito as actividades de desenvolvemento propostas, realizarei

actividades alternativas no recanto da biblioteca para afondar no centro de interese, busca de información, noticias en xornais, actividades a través de laminas de traballo ...

Todas estas actividades xirarán entorno as unidades e centros de interese que esteamos a traballar en cada mes, pero tamén debo sinalar que traballaremos o longo de todo o curso de forma paralela o proxecto documental integrado (PDI) da biblioteca, que neste curso, aínda está por definir.

9.- Actividades complementarias e extraescolares.

As actividades complementarias que se levaran a cabo o longo de todo o curso están recollidas na PXA do centro e aprobadas polo claustro.

Tamén celebraranse as conmemoracións recollidas na Orde do 19 de maio do 2021 pola que se aproba o calendario escolar ou ben a nivel de centro ou na propia aula.

As **conmemoracións** para o curso 21/22 son:

- 20 de novembro de 2020: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2020: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2022: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 24 de febreiro de 2022: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 7 ao 11 de marzo de 2022: Semana da Prensa.

- 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 19 ao 22 de abril de 2022: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2022: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2022: Día de Europa.
- 13 de maio: Día da familia.
- Do 16 ao 20 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Ambiente.

En canto as actividades extraescolares este ano, por mor da pandemia que estamos a pasar, o centro non ofertará ningunha actividade extraescolar fora do horario lectivo aínda que esta decisión será flexible tendo en conta a evolución da situación sanitaria.

10.- Educación en valores.

A LOE/LOMLOE e o Decreto 330/09 fan referencia a traballo da educación en valores promovendo hábitos saudables e formando ó noso alumnado moralmente para conseguir cidadáns responsables. Polo tanto debo incluír a educación en valores dentro da miña aula. Entre outros traballarei:

- A **educación en valores** a través dos contos, conmemorando datas coma o Día internacional contra a violencia de xénero, o Día escolar da non violencia e da paz, Día mundial do medio ambiente, ademais da resolución dos conflitos que vaian xurdindo na vida da aula.
- A **educación emocional**, e fareino a través de contos como: "Lulú tiene un hermanito", "Bágoas baixo a cama", "Te quiero casi siempre", "El cocodrilo que no sabía nadar" o " La vaca que se subió a un árbol", que falan de emocións concretas. E tamén a través dos libros "El hilo invisible" e "Monstro triste, monstro feliz", que falan de diferentes emocións e traballarei con actividades asociadas para cada emoción. Tamén participaremos no

programa Contratos-Programa Inclúe.

- A **educación para a saúde** este curso igual que no anterior, mais presente, se cabe na vida da aula, debido as novas normas derivadas pola COVID-19. Traballarei o coidado e hixiene do corpo, lavado de mans, calendario saudable de merendas introducindo unha dieta variada, facendo celebracións de aniversarios saudables libres de azucres, conmemorando o Día Mundial da saúde (7 de abril) e a través da participación no programa do plan Proxecta +, Proxecto de Vida Activa e Deportiva (PVAD).

- A **educación ambiental**: reciclando e separando o lixo no punto limpo que temos na aula, a través da celebración do Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño), facendo roteiros polo entorno próximo ao centro e tamén a través da participación no programa Contratos-Programa Innova.

11.- Temporalización.

A temporalización das unidades propostas para este curso será flexible e adaptada os intereses e ritmos do alumnado polo que non podo temporalizalas de xeito ríxido xa que a miña experiencia me demostra que nunca se cumpren os prazos programados, as veces alongándose e outras acurtándose, o que me leva a ir adecuando a miña practica docente.

Polo tanto, todas as unidades e proxectos que traballaremos o longo do curso serán o vehículo que me axude a que o alumnado traballe os contidos propostos para así conseguir acadar os obxectivos plantexados para o curso, sempre arredor do centro de interese que eles mesmos propoñan nese momento.

Debo destacar aquí na temporalización que o proxecto que parte da biblioteca, aínda sen definir, si terá unha temporalización predeterminada dende a súa fixación, que será proximamente ata o final do curso, polo que iremos traballando, investigando e descubrindo cousas arredor deste proxecto o longo dos tres trimestres.

12.- Criterios de avaliación.

Tendo en conta os obxectivos e contidos expostos anteriormente os **criterios de avaliación** da miña programación didáctica son:

Área: Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

- Formarse unha autoimaxe positiva de si mesmo.
- Avanzar no grao de autonomía persoal e avanzar no dominio da motricidade fina, grosa e na coordinación óculo manual na realización de tarefas da vida diaria.
- Mostrar actitudes de respecto polas diferenzas individuais de cada un coma o sexo, etnia, cultura...
- Identificar as súas propias características, posibilidades e limitacións e respectar as dos demais.
- Identificar e representar o corpo de forma global e segmentaria, e identificar as súas partes e funcións das mesmas.
- Controlar e reproducir cada vez con maior precisión distintos xestos e movementos.
- Adecuar o comportamento ás propias necesidades ás das outras persoas, e desenvolver actitudes de respecto, axuda e colaboración.
- Adquirir hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, alimentación, saúde e descanso.
- Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación das tarefas.
- Colaborar no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio de disfrute, diversión así coma para o seu desenvolvemento así coma aceptar as regras dos mesmos.

Área: Coñecemento do entorno

- Observar e explorar de forma activa o seu entorno así como respectar este.
- Mostrar interese polo seu medio natural, social e cultural.

- Observar os cambios e modificacións que se producen tanto no contorno exterior e na propia aula
- Desenvolver actividades de coidado, respecto e responsabilidade co entorno
- Formular hipóteses, buscar respostas e explicacións para desenvolver os distintos proxectos
- Relacionarse coas demais persoas interiorizando pautas de comportamento social
- Coñecer a diferentes grupos sociais próximos as súas experiencias e recoñecer as características de cada un deles.
- Establecer relacións de confianza e afecto cos seus iguais.
- Colaborar nas normas, participar na aula e nas tarefas propostas o longo do curso
- Respetar as normas e valores da sociedade así como ás persoas que forman parte dela
- Apreciar os elementos, tradicións e festas propias da cultura Galega.
- Identificar, representar e empregar os números en situacións funcionais e significativas
- Identificar e usar correctamente conceptos básicos de cantidade.
- Empregar os números para identificar, contar, clasificar, numerar e ordenar elementos da realidade.
- Realizar series seguindo diferentes criterios.

Área: Linguaxes: comunicación e representación

- Utilizar a linguaxe corporal para expresar ideas e sentimentos e como medio de comunicación.
- Empregar a linguaxe oral en distintas situacións da vida da aula.
- Empregar distintas formas de comunicación non verbal para expresar o que pensamos, as nosas experiencias e ideas.
- Mostrar interese e gozo pola aprendizaxe e participación en situacións comunicativas coma na asemblea

- Identificar distintas palabras e frases significativas.
- Iniciarse no código escrito a través de palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais.
- Comprender e recrear pequenos textos traballados na clase coma poesías, retahilas, cancións , refráns,..
- Iniciarse na lectura a través de debuxos, láminas, pictogramas,...
- Iniciarse no uso da biblioteca do centro e da aula
- Potenciar a capacidade creativa a través de distintas técnicas.
- Achegarse ó coñecemento de diferentes obras tanto literarias coma artísticas
- Empregar a música e os seus elementos como forma de comunicación e representación.
- Desenvolver a autoconfianza nas producións artísticas persoais e respectar e valorar as das demais persoas
- Iniciarse no emprego das Tic e outras ferramentas tecnolóxicas e valorar críticamente o seu uso.

13.- Procedementos e instrumentos de avaliación.

Segundo recolle a Orde do 25 de xuño do 2009 o carácter da avaliación será **global, continua e formativa.**

Tratase dunha avaliación global, porque vou avaliar o alumnado e todas as súas competencias ademais do proceso de ensinaza-aprendizaxe. Continua, porque se realiza o longo do curso, e formativa por ser un proceso regulador e orientador proporcionando información continua do proceso educativo

Farei unha avaliación inicial, continua e outra final. Na inicial estudarei a información previa que me proporcionaron do neno e procurarei coidar e observar as condutas do mesmo na aula. Como se trata dunha avaliación continua, realizareina ó longo de todo o curso e terei en conta en todo momento as necesidades do alumado polo que poderei

cambiar os tempos de duración das actividades, modificar tarefas, introducir novos materiais...

Por último, farei unha avaliación final, ao rematar cada unidade didáctica, ao remate de cada trimestre e ao remate do curso, enviarei un informe persoal e individualizado ás familias ó final de cada trimestre.

Empregarei como **técnicas e instrumentos** a observación directa e sistemática, a análise das producións dos nenos e das nenas e as entrevistas cos pais e titores legais.

Ademais, usarei o diario de clase onde irei apuntando as cousas que imos facendo todos os días e como van saíndo as actividades programadas e empregarei rexistros anecdóticos para apuntar cousas ou situacións inesperadas que xurdan na aula e que me poidan servir despois para avaliar o proceso xeral de aprendizaxe dos alumnos/as.

Analizarei as producións dos nenos; producións orais, as diferentes formas de expresarse, a creatividade, orixinalidade, limpeza...producións de movemento, se coordina ben os seus movementos...

En canto ás entrevistas coas familias, a información que nos dan eles é moi valiosa polo que a terei presente sempre na aula mantendo un contacto continuo coas familias a través do correo electrónico e da plataforma abalar.

E por último terei en conta tamén as entrevistas e información facilitada polos especialistas.

14.- Medidas de atención á diversidade.

Entendese por **atención a diversidade** " *conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, capacidades, ritmos, estilos de aprendizaxe, motivación e intereses, e situacións sociais e culturais do alumando*", tal e como se recolle no Decreto 229/2011 polo que se regula a atención a diversidade do alumando.

Partindo desta definición terei moi en conta as características persoais do alumnado, xa que tratándose dunha aula mixta onde conviven e traballan nenos de dous niveis, vaise tratar dun grupo moi heteroxéneo. Algunhas das medidas que levarei a cabo para atender a diversidade da miña aula son:

- Fomentarei o traballo en equipo, facendo equipos mixtos con nenos e nenas de diferentes niveis para que haxa unha retroalimentación de coñecementos.
- Utilizarei reforzos variados
- Terei previsto materiais diversos adaptados ás necesidades da aula
- Axustarei os tempos de traballo, adecuándoos as necesidades de cada nenos/a
- Terei establecidas rutinas que fagan anticiparse o alumnado o que vai a vir e que poidan así xestionar o seu tempo.
- Terei deseñadas actividades de reforzo e ampliación para dar resposta os diferentes niveis de coñecemento, aprendizaxe e traballo.
- Terei programadas distintas actividades con diferentes niveis de dificultade
- Terei moi en conta as necesidades individuais de cada neno/a, intereses e motivacións

15.- Accións de contribución ao plan TIC.

O plan TIC do centro recolle os seguintes obxectivos para a educación infantil entorno o coñecemento e o traballo cas novas tecnoloxías:

OBXECTIVOS:

- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de aprendizaxe.
- Demostrar interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.
- Facer uso das tecnoloxías da información e da comunicación na procura de información para o desenvolvemento de proxectos na aula.
- Prender e apagar o ordenador.

- Manexar o rato do ordenador.
- Identificar o uso das iconas para acceder a ordes sinxelas dos programas.
- Utilizar na medida das súas posibilidades as ferramentas tecnolóxicas como medios de expresión e comunicación.
- Facer un uso moderado das ferramentas tecnolóxicas.
- Coñecer a PDI.
- Traballar coa PDI.
- Coñecer e empregar diferentes programas educativos.

CONTIDOS:

- Coñecer, manipular e manexar o rato.
- Coñecer e manipular a PDI.
- Empregar a PDI para a aproximación a lectoescritura e a lóxica matemática a través de diferentes actividades.
- Coñecer, empregar e manipular diferentes programas educativos en CD ou en formato dixital a través da internet.
- Coñecer onde e como se prende e se apaga o ordenador.

Pois ben, para contribuír dende a miña aula a que o alumnado acade estes obxectivos levarei a cabo na aula algunhas tarefas tales como:

- Visualización de vídeos e cancións na pizarra dixital
- Actividades LIM na pizarra dixital
- Recanto dos internautas
- Usaremos a cámara de fotos para inmortalizar algunhas actividades, tarefas, conmemoracións ou documentación importante
- Enviando correos electrónicos para dar avisos, pedir información...
- Faremos videoconferencias como ferramenta para abrir a aula o entorno con personaxes de fora ou con alumnado doutras aulas

- A través da aula virtual

16.- Accións de contribución ao plan de convivencia.

De acordo coa LOE parcialmente modificada pola LOMLOE e co Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro de convivencia de participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, no centro existe un plan de convivencia.

Aínda que na educación infantil non adoitan darse conductas contrarias á convivencia si que levaremos a cabo actividades e actuacións para fomentar unha boa convivencia entre a comunidade educativa.

Farémolo a través de pequenos traballos que vaian deixando pegada no alumnado e facendo ser mellores persoas. Traballarase valores como o compañeirismo, a tolerancia, o respecto, a resolución pacífica de conflitos... todo isto levareino a cabo a través de dramatizacións, da expresión corporal, dos contos e de diversas conmemoracións fomentando en todo momento o respecto, a igualdade e demais valores que potencien unha interacción positiva entre os diferentes membros da comunidade escolar.

Paréceme moi importante tamén o traballo das emocións para poder favorecer unha boa convivencia, encamiñada sobre todo a toma de decisións, a xestión de sentimentos e emocións, a resolución de conflitos dun xeito pacífico, a asumir a responsabilidade dos seus actos cando estes son contrarios a convivencia...

Por outra banda, debo sinalar que o plan de convivencia vai destinado a toda a comunidade educativa, polo que tamén traballarase coas familias por exemplo, cumprindo as normas do centro, facendo que participen no funcionamento do cole a través do Consello Escolar e da AMPA.

17.- Procedementos para avaliar a propia programación.

O proceso de avaliación debe ser canto menos un proceso bidireccional, é dicir, non so debe facer referencia a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado senón tamén atinxir ao proceso de ensinanza.

Por todo isto, na miña programación valorarei o proceso de ensinanza. De este modo, terei en conta:

- Se as unidades didácticas e o proxecto os traballei completamente.
- Se atendín en todo momento a diversidade do meu alumnado.
- Se os recantos foron atractivos para os nenos e estiveron ben ordenados.
- Se superaron todos os obxectivos plantexados.
- Se a miña programación abrangueu o traballo de todas as competencias.
- Se foi atractiva para o meu alumnado.
- Se se adecuaron os contidos e actividades os diferentes niveis dos nenos/as.
- Se as actividades tiveron éxito.
- Se impliquei na medida do posible as familias no traballo e vida da aula.

18.- Conclusión

Esta programación está deseñada para levarse a cabo nunha situación normalizada de educación presencial, polo que pode estar suxeita a modificacións dependendo das necesidades que vaian xurdindo da situación sanitaria que estamos a vivir.

CEIP DE REFOXOS

Programación Inglés E. Infantil

Curso 2021-22

ANA ISABEL REFOJOS ÁLVAREZ

INDICE

1.- INTRODUCCION E BASE LEGAL	3
2.- CONTEXTUALIZACIÓN	4
3.- CONTRIBUCIÓN O DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	4
4.- OBXECTIVOS	6
5.- CONTIDOS	6
6.- METODOLOXÍA.....	9
7.- CRITERIOS DE VALIACION.....	11
8.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE VALIACION.....	13
9. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.....	13
10. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	14
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	14
12. MECANISMOS DE REVISION, AVALIACIÓN E MODIFICACION DAS PROGRAMACIÓN DIDACTICAS EN RELACION COS RESULTADOS ACADEMICOS E PROCESOS DE MELLORA.	15

1.- Introducción e base legal.

Lei orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa, do 9 de decembro (LOMCE), que modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE).

Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e Orde do 25 de xullo do 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde 3,5/2020, do 22 de abril, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 e o inicio do curso 2021/2022.

Orde EFP/5,1/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021.

Protocolo do 22 de xullo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/2022..

Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2021/2022, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Resolución conxunta das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade que aproban as instrucións polas que se incorporan a Declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (D.O.G nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao Protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non Universitario de Galicia para o curso 2021-2022.

2.- Contextualización.

Esta programación está deseñada para levarse a cabo nunha aula de educación infantil mixta composta por 9 crianzas en 4ºEI, 3 crianzas en 5ºEI e 3 crianzas en 6ºEI.

3.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Enténdese por competencias o conxunto de habilidades, coñecementos, destrezas e estratexias adecuadas a un contexto.

O Decreto 330/09 recolle no seu anexo as competencias básicas a desenvolver nesta etapa que, coa entrada en vigor da LOE/LOMCE pasaron a chamarse competencias clave e cambiaron parcialmente a súa denominación. Estas son:

Competencia lingüística: Refírese a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, interpretación e comprensión da realidade expresión de emocións. Esta competencia traballareina en multitude de momentos: dende a entrada, na asemblea, narrar vivencias persoais, ...aproveitarei calquera situación para que verbalicen os seus traballos, utilizarei os proxectos coma unha boa ferramenta para propoñer situacións reais de escritura, comunicación oral, informática...Coidarei moito os espazos como a biblioteca, tendo presente o **Proxecto Lingüístico**.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (que agrupa á Competencia matemática e á Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico) Traballarei os números, as figuras xeométricas e sobre aspectos cuantitativos e cualitativos como big, small, little o a lot

Competencia dixital: Trátase de espertar habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información. Tratarei de que o alumnado sinta interese por informarse propoñendo situacións de investigación na aula onde teñan que usar diferentes medios para obter información, a empregando o ordenador e distintas ferramentas tecnolóxicas, tendo en conta o **Plan TIC**.

Competencia de aprender a aprender: Supón dispoñer de habilidades para iniciarse no aprendizaxe e continuo de forma cada vez máis autónoma e eficaz. Deste xeito o neno pode ir formando esquemas para resolver todo tipo de actividades de forma autónoma.

Competencias sociais e cívicas (Competencia social e cidadá): Posibilita comprender a sociedade na que vive, cooperar, convivir e comprometerse a melloralala. A través das unidades, dos proxectos plantexados e nas actuacións recollidas no **Plan de Convivencia...**

Conciencia e expresións culturais (Competencia cultural e artística): consistirá en valorar, apreciar, comprender e respectar a cultura inglesa e as que nos rodean.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (Competencia en autonomía persoal): Tendo como obxectivo formar a persoas independentes e con capacidade de tomar as súas propias decisións, traballarei en todo momento a autonomía e a responsabilidade de tarefas, a capacidade de elixir, traballarei a súa autoestima, o control emocional e a resolución de conflitos. Con todo isto pretendo acadar a independencia do alumnado para poder levar unha vida máis autónoma e responsable da clase-

4.- Obxectivos.

1. Utilizar a lingua como instrumento de comunicación, de representación, aprendizaxe e goce, de expresión de ideas e sentimentos, e valorar a lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.
2. Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes, elixindo o que mellor axústese á intención e á situación.
3. Comprender as intencións e mensaxes doutros nenos e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia como estranxeira.
4. Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios mostrando actitudes de valoración, disfrute e interese cara a eles.

5. Inicialse nos usos sociais da lectura e a escritura explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumento de comunicación, información e desfrute.
6. Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e expresión artística mediante o emprego de diversas técnicas.
7. Inicialse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula, e mostrar interese e desfrute ao participar nestes intercambios comunicativos.

5.- Contidos.

Bloque 1. Linguaxe verbal: escoitar, falar e conversar:

- Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para explorar coñecementos para expresar e comunicar ideas e sentimentos e como axuda para regular a propia conduta e a dos demais.
- Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico variado e con crecente precisión, estruturación apropiada de frases, ton axeitado e pronunciación clara.
- Participación e escoita activa en situacións habituais de comunicación. Acomodación progresiva dos seus enunciados aos formatos convencionais, así como achegamento á interpretación de mensaxes, textos e relatos orais producidos por medios audiovisuais.
- Utilización axeitada das normas que rexen o intercambio lingüístico, respectando a quenda de palabra, escoitando con atención e respecto.
- Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira en rutinas e situacións habituais de comunicación.
- Comprensión da idea global de textos orais en lingua estranxeira, en situacións habituais da aula e cando se fala de temas coñecidos e predicibles. Actitude positiva cara á lingua estranxeira.
- Aproximación á lingua escrita: Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e desfrute. Interese por explorar algúns dos seus elementos.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas. Iniciación ao coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases.

- Uso, gradualmente autónomo, de diferentes soportes da lingua escrita como libros, revistas, xornais, carteis ou etiquetas. Utilización progresivamente axustada da información que proporcionan.
- Interese e atención na escoita de narracións, explicacións, instrucións ou descricións, lidas por outras persoas.
- Iniciación no uso da escritura para cumprir finalidades reais. Interese e disposición para o uso dalgunhas convencións do sistema da lingua escrita como linealidade, orientación e organización do espazo, e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.
- Achegamento á literatura: Escoita e comprensión de contos, relatos, lendas, poesías, rimas ou adiviñanzas, tanto tradicionais como contemporáneas, como fonte de pracer e de aprendizaxe.
- Recitado dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, gozando das sensacións que o ritmo, a rima, e a beleza das palabras producen.
- Participación creativa en xogos lingüísticos para divertirse e para aprender.
- Dramatización de textos literarios e disfrute e interese por expresarse con axuda de recursos extralingüísticos.
- Interese por compartir interpretacións, sensacións e emocións provocadas polas producións literarias.
- Utilización da biblioteca con respecto e coidado, valoración da biblioteca como recurso informativo de entretemento e disfrute.

Bloque 2. Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e a comunicación.

- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos como ordenador, cámara ou reprodutores de son e imaxe, como elementos de comunicación.
- Achegamento a producións audiovisuais como películas, debuxos animados ou videoxogos. Valoración crítica dos seus contidos e da súa estética.
- Distinción progresiva entre a realidade e a representación audiovisual.
- Toma progresiva de conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación.

Bloque 3. Linguaxe artística

- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica (liña, forma, cor, textura, espazo).

- Expresión e comunicación de feitos, sentimentos e emocións, vivencias, ou fantasías a través do debuxo e de producións plásticas realizadas con distintos materiais e técnicas.
- Interpretación e valoración, progresivamente axustada, de diferentes tipos de obras plásticas presentes no ámbito.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Utilización dos sons achados para a interpretación e a creación musical.
- Recoñecemento de sons do ámbito natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos e dalgúns contrastes básicos (longo-curto, forte-suave, agudo-grave).
- Audición atenta de obras musicais presentes no ámbito. Participación activa e desfrute na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas.

Bloque 4. Linguaxe corporal

- Descubrimento e experimentación de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación.
- Utilización, con intención comunicativa e expresiva, das posibilidades motoras do propio corpo con relación ao espazo e ao tempo.
- Representación espontánea de personaxes, feitos e situacións en xogos simbólicos, individuais e compartidos.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.

- Ambiente de aprendizaxe: Espazos, tempo e recursos

Unha adecuada organización dos espazos, do tempo e dos recursos, será fundamental para a consecución da miña programación dentro do grupo aula.

Os **espazos** neste ámbito respecto a organización da tutora da súa aula e uso os espazos desenhados por a mestra titora.

En canto ao **tempo** dedicarase unha sesión semanal.

En canto os **recursos** conto cos recursos da aula de infantil que clasifícanse en recursos materiais e humanos.

Como recursos materiais, usaremos todo tipo de materiais funxibles coma papeis de cores de diferentes tipos, pinturas, témperas, pegamentos, lápices, rotuladores, cartolinas...materiais non funxibles coma tesoiras, punzóns, pinceis... materiais de refugallo como pedras, area, tetrabicks... así coma materias do contorno natural: follas, pedras, area,...materiais do entorno social e cultural coma tickets dos transportes, entradas do cine... materiais elaborados polos nenos e materiais aportados polas familias.

Debo sinalar coma recurso especial da aula a nosa mascota o rato Garabato.

Como recursos humanos están todas as persoas que participan no proxecto educativo da miña aula o longo do curso; estes son tódalas nenas e nenos, eu como titora, os mestres do centro, as familias, monitores de saídas e todos os profesionais de distintos colectivos que invitamos á aula.

6.- Metodoloxia.

Linguaxe receptiva fronte a produtivo

Cando se presenta unha lingua nova a nenos moi pequenos, é moi importante non os apresurar. Como sucede coa aprendizaxe da L1, deben experimentar a nova linguaxe de modo receptivo antes de pedirles que produzan palabras ou frases. A etapa de produción da linguaxe varía dun neno a outro, como tamén a cantidade de palabras que poidan producir.

Na aula de Inglés se lles presenta a lingua en forma de contos, cancións e chants e teñen moitas oportunidades de produción, por exemplo, participando nas cancións e chants cando se sintan preparados e animándoos a producir linguaxe, a través do vocabulario activo.

O inglés na aula

Se intenta expor ao neno/a a todo o inglés que sexa posible na aula, utilizando material con moito apoio visual: o significado das cancións e os contos ilústrase a través de pistas visuais e contextuais; o obxectivo e os requisitos dos xogos son o

suficientemente sinxelos como para velos a medida que se xoga. Se busca o apoio en xestos e mímica para que os nenos poidan seguir a clase. A linguaxe da aula e as instrucións ampliáanse gradualmente ao longo do ano de modo que se afagan a este input.

Aprendizaxe cenestésico

Os nenos/as aprenden a través do tacto e o movemento, polo que se inclúen moitas actividades de TPR, rimas e accións, o que proporciona variedade e interese.

Rutinas

As rutinas son moi importantes para axudar á organización e o funcionamento da clase. Os nenos desta idade traballan mellor dentro dunhas pautas fixas, polo que é importante establecer claras rutinas e indicadores. Así é moi importante marcar o inicio e o final das clases, utilizando cancións de "Hello e Bye-bye.

Aprendizaxe baseada en contos

Os contos proporcionan unha base sólida para aprender e permiten que os alumnos se divirtan coa linguaxe. Son divertidos e interesantes para os nenos desta idade e ademais incorporan linguaxe, comunicación e repetición nun contexto significativo.

Aprendizaxe baseada en cancións

As cancións e a música constitúen unha excelente forma de aprender inglés porque son doados de recordar, e ao mesmo tempo repasan a linguaxe activa que se trata en cada clase. As cancións van acompañadas de mímica e xestos para axudarlles a comprender

A **temporalización** das unidades propostas para este curso serán flexibles e adaptadas os intereses e ritmos do alumnado polo que non podo temporalizalas de xeito ríxido xa que a miña experiencia me demostra que nunca se cumpren os prazos programados, as veces alongándose e outras acurtándose, o que me leva sempre a perseguir e descubrir os intereses e motivacións que van xurdindo na aula para ir adecuando a miña practica docente.

7.- Criterios de avaliacion

1. Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva cos seus iguais e coas persoas adultas, segundo as intencións comunicativas, e comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.

Mediante este criterio avalíase o desenvolvemento da capacidade para expresarse e comunicarse oralmente, para levar a cabo diversas intencións comunicativas (pedir axuda, informar dalgún feito, dar sinxelas instrucións, participar en conversacións en grupo).

Valorarase o interese e o gusto pola utilización pertinente e creativa da expresión oral para regular a propia conduta, para relatar vivencias, razoar, resolver situacións conflitivas, comunicar os seus estados anímicos e compartilos cos demais.

Igualmente este criterio refírese á capacidade para escoitar e comprender mensaxes, relatos, producións literarias, descricións, explicacións, informacións que lles permitan participar na vida da aula.

O respecto aos demais hase de manifestar no interese e a atención cara ao que din e no uso das convencións sociais (gardar a quenda de palabra, escoitar, mirar ao interlocutor, manter o tema), así como na aceptación das diferenzas.

2. Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no ámbito, iniciándose no seu uso, na comprensión das súas finalidades e no coñecemento dalgunhas características do código escrito.

Interesarse e participar nas situacións de lectura e escritura que se producen a aula. Con este criterio avalíase se os nenos e interésanse pola lingua escrita, e iníciase na utilización funcional da lectura e a escritura como medios de comunicación, de información e de desfrute. Tal interese mostrarase na atención e curiosidade polos actos de lectura e de escritura que se realizan na aula.

Observarase o uso axeitado do material escrito (libros, periódicos, cartas, etiquetas, publicidade, ...).

Valorarase o interese por explorar os mecanismos básicos do código escrito, así como o coñecemento dalgunhas características e convencións da lingua escrita, coñecementos que se consolidarán na Educación Primaria.

3. Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais, mostrando interese por explorar as súas posibilidades, por gozar coas súas producións e por compartir cos demais as experiencias estéticas e comunicativas.

Con este criterio avalíase o desenvolvemento das habilidades expresivas por medio de diferentes materiais e técnicas propios das linguaxes musical, audiovisual, plástico e corporal.

Observarase o gusto por experimentar e explorar as posibilidades expresivas do xesto os movementos, a voz e, tamén a cor, a textura ou os sons.

Valorarase o desenvolvemento da sensibilidade estética e de actitudes positivas cara ás producións artísticas en distintos medios, xunto co interese por compartir as experiencias estéticas.

8.- Procedementos e instrumentos de avaliación.

Segundo recolle a Orde do 25 de xuño do 2009 o carácter da avaliación será **global, continua e formativa**.

Tratase dunha avaliación global xa que avalíase que o alumnado desenvolva as súas competencias ademais do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Continua porque se realiza o longo do curso, especialmente o principio de curso para adaptar a programación, e formativa por ser un proceso regulador e orientador proporcionando información continua do proceso educativo.

Farase unha avaliación inicial na que se detectaran os coñecementos previos. Empregarase como **técnicas e instrumentos** a observación directa e sistemática, a análise das producións dos nenos e das nenas ademais da observación indirecta.

9.- Medidas de atención á diversidade.

Para levar a cabo un plan específico de medias de atención á diversidade e á inclusión do alumnado e máis especificamente do alumnado con algún tipo de necesidade específica de apoio educativo (N.E.A.E.) partiremos da avaliación inicial levada a cabo nas 2 primeiras semanas do curso e descrita as súas actuacións no punto 9 desta programación anual.

Despois de elaborar a descrición do grupo unha vez realizada a avaliación inicial, deberemos recoller as necesidades individuais de cada alumno/a, así como as necesidades grupais da aula en xeral.

Neste punto podemos servirnos dunha serie de cuestións que podemos contestarnos do tipo:

- Cales son os alumnos que necesitan un maior seguimento ou persoalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? (Ter en conta aos alumnos con necesidades educativas, con altas capacidades, e outras con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar...).
- Que medidas organizativas imos adoptar? (Planificación de reforzos, localización de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Que medidas curriculares imos adoptar? Que recursos imos empregar?
- Que modelo de seguimento imos utilizar con cada un/a de eles?
- Cada canto e como imos avaliar os seus progresos?

Así mesmo poderemos decidir que alumnado será obxecto de apoio por parte dalgún especialista (Ao)/Ao), consultado e consensuado co DO ou cal deles necesitará RE ou ACS e en que área necesitarao.

10. Concreción dos elementos transversais.

A concreción dos elementos transversais, realizaranse a través de tódalas áreas conxuntamente coa mestra do grupo, sempre tendo en conta as circunstancias actuais.

11. Actividades complementarias e extraescolares programadas.

As actividades que levarán a cabo ao longo do cursos, tanto complementarias como

extraescolares, quedan reflectidas na Programación Xeral Anual (PXA), aprobadas por todo o Claustro de profesores/as e polo Consello Escolar do Centro

12. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Neste apartado pretendo promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que nos permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo propónse unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, pódese realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			

CEIP DE REFOXOS

ADDENDA INGLÉS E.INFANTIL: Adaptación ao contexto COVID

Curso 2020-21

Heidi Tello Beade

ÍNDICE

Temporalización	17
Obxectivos desta adaptación.	17
Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.....	17
Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada area e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.	17
Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.	18
Revisión dos obxectivos de area ou materia.....	18
Revisión das competencias clave	18
Revisión dos contidos	18
Adaptacións necesarias á docencia non presencial	18
Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena.....	18
Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.....	18
Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.	18
Revisión do desenvolvemento da addenda	19

Temporalización

Primeiro trimestre do curso 2020-21.

Obxectivos desta adaptación.

- Incorporar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como planificar a transición ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.
- Recuperar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.
- Reforzar, partindo dos informes individualizados elaborados a finalización do curso 2019/2020 e da avaliación inicial, os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior.
- Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial.
- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.

Os nenos que no curso pasado estaban en educación infantil pois acadaron en principio tódalas aprendizaxes necesarias.. Compre salientar que o que si se nota é a falta de rutinas e hábitos de traballo.

As aprendizaxes non acadadas abordaranse dun xeito especial no momento no que xurda a necesidade no momento en que abordemos novos contidos. Farase un repaso antes de abordar eses novos contidos asegurandonos de que non quedan ocos ou lagoas.

Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada area e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.

En liñas xerais, os resultados foron positivos, xa que permitiu facer unha idea de conxunto da aula e poder levar a cabo unha intervención mais individualizada. O único que falla é a falta de rutinas, o ritmo de traballo e moitos problemas de atención en xeral.

Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.

Revisión dos obxectivos de area ou materia

Os obxectivos desta área non se modifican.

Revisión das competencias clave

As competencias clave non se modifican.

Revisión dos contidos

Traballaranse os contidos establecidos no curso reforzando en todo momento aqueles aspectos que constatemos necesitan un reforzo ou requiren de máis tempo de traballo.

Adaptacións necesarias á docencia non presencial

Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena.

No caso de ter que volver a un modo de ensino telemático desenvolveremos o traballo a traves da aula virtual con tódolos recursos que ofrece e recursos desenhados por min e trataremos de seguir o mesmo horario na medida do posible a traves de clases online coa aplicación FALEMOS da consellería de educación.

Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.

No caso de ter que volver a un modo de ensino telemático desenvolveremos o traballo a traves da aula virtual e trataremos de seguir o mesmo horario na medida do posible a traves de clases online coa aplicación FALEMOS da consellería de educación.

Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.

Os traballos presentados na aula virtual seran avaliados.

Usaranse probas específicas desenhadas na aula virtual.

Podcast para poder continuar coa animación a lectura.

Seguiremos utilizando a página web da nosa biblioteca e todas as aportacións a ela e as actividades propostas serán avaliadas e tomadas en conta.

Revisión do desenvolvemento da addenda

A revisión desta addenda realizarase na primeira xuntanza de coordinación do 2º trimestre e segundo o seu resultado procederase á súa actualización.

PROGRAMACIÓN

RELIXIÓN CATÓLICA

(Educación Infantil)

Curso: 2021-2022

C.E.I.P. de REFOXOS

Docente: M^a del Carmen Pérez Bouzada.

- 1. Introducción e contextualización.**
- 2. Obxectivos Xerais.**
- 3. Contidos.**
- 4. Criterios de Avaliación.**
- 5. Estándares de Aprendizaxe.**
- 6. Competencias Clave.**
- 7. Metodoloxía.**
- 8. Temporalización.**
- 9. Instrumentos de Avaliación.**
- 10. Medidas de atención á diversidade.**
- 11. Materiais e Recursos Didácticos.**
- 12. Educación en Valores.**
- 13. Actividades Complementarias e Extraescolares.**
- 14. Contribución ó Desenvolvemento dos Plans e Proxectos do Centro.**
- 15. Procedementos para Avalir a propia Avaliación.**

1. Introducción e contextualización.

A Lei Orgánica de Educación, establece o dereito do alumno a recibir unha formación integral, que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade. A súa vez, a lei confírelle á ensinanza das relixións o tratamento académico que lles corresponde pola súa importancia para unha educación plena, e faino conforme ao previsto na Constitución española (art. 27.2 e 3) e nos Acordos subscritos ao respecto polo Estado español.

A lei así corrobora a relevancia do fenómeno relixioso e das súas manifestacións na cultura dos pobos, tendo en conta que os pais teñen dereito a que seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións (art. 27.3 da Constitución española). Así, a ensinanza dá relixión e moral católica preséntase como opción confesional católica que fai posible, xunto a outras opcións, a formación plena do alumnado.

A opción confesional católica desenvolve especialmente a capacidade transcendente do alumno, facilitándolle unha proposta de sentido último para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

Non podería existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolvesen todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa constitutivamente a capacidade transcendente. Esta capacidade básica do individuo adquire ou seu auténtico cumprimento na busca do sentido último da vida. Enraizada no máis fondo do ser, o alumno vai descubríndoa tendo en conta os niveis de aprendizaxe propios de cada idade nos símbolos e signos do seu medio, no progreso e na humanización do propio ser humano, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación e, particularmente, na persoa de Xesucristo e na súa presenza na comunidade cristiá.

A formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español e, respondendo a razóns fondas da institución escolar e dereitos humanos recoñecidos pola Constitución española, está garantida actualmente polo Acordo subscrito entre o Estado español e a Santa Sede sobre Ensinanza e Asuntos Culturais, asinado ou 3 de xaneiro de 1979, no cal establécense os principios que fan posible as garantías constitucionais.

O currículo da opción confesional católica é unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, axeitada á idade do alumno, ás esixencias epistemolóxicas da materia, ás expresións culturais do medio e ás demandas didácticas do sistema educativo. Enmarcar nun contexto histórico e social inclúe parte do grande acervo cultural e artístico que emana da fe católica e doutras confesións, e posibilita a análise comparada dos contidos e liñas básicas das grandes relixións vixentes.

Debido á situación actual vivida pola Covid 19, seguiremos en todo momento o protocolo establecido, polo que en moitos casos varios puntos desta programación poderán verse sometidos a modificacións .

Estaremos preparados para continuar co proceso de ensinaza- aprendizaxe en caso de confinamento e seguiremos estrictamente todas as órdenes e novidades dictadas pola Consellería de Educación .

O noso centro é un colexio rural cunha área de influencia que abarca as dúas parroquias do interior do Concello de Oia: Loureza e Burgueira. O contexto sociolingüístico é galego falante case na súa totalidade cunha grande influencia do castelán cada curso máis palpable.

O alumnado está agrupado en 4 grupos mixtos: Infantil (4ºEI, 5ºEI e 6ºEI), 1º e 2º EP, 3º e 4º EP e 5º e 6º EP.

O alumnado de Relixión Católica neste curso en Infantil é o seguinte: 4º, 4; 5º, 2 e 6º, 1.

O ensino relixioso católico, na **Educación Infantil**, parte da experiencia do neno nesta idade de 3 a 6 anos en referencia a tres grandes ámbitos: a identidade e autonomía persoal, o descubrimento do medio físico e social, e a comunicación e representación da realidade. Estes tres ámbitos de experiencia non son tratados de forma fragmentada ou independente os uns dos outros, senón en mutua relación e interdependencia. A experiencia relixiosa do neno medra á vez que se desenvolve a súa autonomía e identidade persoal en relación co medio.

O ensino relixioso católico pretende achegar o neno ás claves principais da fe cristiá, axudarlle a descubrir esta experiencia no seu medio, e a que el mesmo desenvolva as súas facultades de expresión e se inicie nos elementos primeiros que facilitan a comunicación con Deus. A síntese da mensaxe cristiá que se presenta no currículo fundamenta e motiva os valores e as actitudes básicos, favorece os hábitos de comportamento, e contribúe tamén ao desenvolvemento de destrezas e de habilidades que se exercitan nos tres ámbitos de experiencia enunciados. Para iso, este currículo válese dos elementos cristiáns presentes no medio do alumno, das imaxes e dos símbolos, da linguaxe e doutros recursos que fan posible a comprensión da experiencia relixiosa axeitada a esta idade.

2. Obxectivos Xerais.

Ao rematar a Educación Infantil preténdese que @ nen@ sexa capaz de:

1. Descubrir e coñecer o propio corpo, agasallo de Deus, fomentando a confianza e o desenvolvemento das súas posibilidades persoais.
2. Observar as manifestacións do medio familiar, social e natural que expresan a vivencia da fe católica para sentirse membro da comunidade relixiosa á que pertence.
3. Observar e describir elementos e relatos relixiosos cristiáns que lle permitan ao neno desenvolver os valores e as actitudes básicas de respecto, confianza, alegría e admiración.
4. Expresar e celebrar as tradicións, festas e aniversarios máis importantes, exercitando as primeiras habilidades motrices, para relacionarse cos demais e para acceder á oración, aos cantos de gabanza e ao sentido das festas relixiosas.
5. Favorecer a realización de actividades que fomenten a participación, a cooperación e a xenerosidade como medio de expresar o amor de Deus e a fraternidade.

6. Descubrir que os cristiáns lle chaman Pai a Deus Creador de todas as cousas, e saben que está con todos nós, que nos quere e perdoa sempre.
7. Coñecer que Xesús naceu en Belén e é amigo de todos e que nos quere, morreu por nós e resucitou para estar con nós.
8. Descubrir que a Virxe María é a Nai de Xesús e tamén a Nai de todos os cristiáns, que forman unha gran familia.
9. Respetar as persoas e as cousas do seu medio, coidalas e preocuparse delas, como Xesús fixo e como nos ensina a facer.

2.1. Obxectivos Xerais 3 anos:

1. Descubrir e utilizar as propias posibilidades motrices, sensitivas e expresivas en relación coa manifestación de sentimentos.
2. Observar e nomear obxectos relixiosos que se poden atopar no contorno familiar, social e natural.
3. Observar e iniciarse na comunicación dalgunhas expresións fundamentais da fe cristiá.
4. Utilizar as posibilidades motrices, sensitivas e expresivas en relación coas manifestacións relixiosas.
5. Iniciarse na aprendizaxe de hábitos e de actitudes de alegría e de colaboración na súa relación familiar e escolar.
6. Observar e describir elementos e persoas do contorno físico-social, e amosar interese e curiosidade.
7. Achegarse afectivamente aos personaxes principais do Belén e identificar cada un deles.
8. Descubrir que a Virxe María é a Nai de Xesús a través de relatos bíblicos pequenos.
9. Descubrir a necesidade do coidado e do respecto polas persoas e polos obxectos do seu contorno próximo.

2.2. Obxectivos Xerais 4 anos:

1. Progresar nas posibilidades de movemento e de comunicación, gozando cos logros alcanzados.
2. Recoñecer elementos e lugares relixiosos do contorno próximo familiar, social e natural, iniciándose no respecto por eles.
3. Evocar e representar, a través de diferentes medios de expresión, algunhas manifestacións fundamentais da fe cristiá.
4. Observar e describir os hábitos e as condutas dos cristiáns nas diferentes celebracións relixiosas.
5. Progresar na adquisición de hábitos e de actitudes de respecto, de alegría, de confianza, de verdade... na súa relación cos demais.
6. Identificar e expresar sentimentos en relación cos demais, recoñecendo a atención e o coidado como mostra de amor.
7. Identificar a Xesús como un amigo próximo que lles quere e que lles axuda a todos.
8. Relacionar actitudes de coidado e de cariño nas familias coas que tiña María cara a Xesús.
9. Amosar interese e curiosidade polas ensinanzas de Xesús en relación cos demais e co contorno.

2.3. Obxectivos Xerais 5 anos:

1. Adquirir progresivamente coordinación e control do propio corpo na relación cos demais, identificándoo como agasallo de Deus.
2. Coñecer e respectar elementos relixiosos do contorno familiar, social e natural, sentíndose membro da comunidade a que pertence.
3. Utilizar distintos tipos de linguaxes para expresar diferentes manifestacións, sentimentos e actitudes relixiosas.
4. Recoñecer e expresar accións dos cristiáns nas celebracións relixiosas así como as diferentes posibilidades de comunicación con Xesús.
5. Ter unha actitude de alegría, de colaboración e de respecto no ámbito familiar e escolar como o fan os amigos de Xesús.
6. Descubrir a Deus Pai como creador de todo o que existe, recoñecendo na creación o amor polas persoas.
7. Coñecer e expresar diferentes momentos da vida de Xesús, relacionándoos coa súa propia vida.
8. Identificar a Virxe María como Nai de Xesús e de todos os cristiáns.
9. Respetar, coidar e preocuparse polas persoas e polos elementos do seu contorno como Xesús fixo e nos ensinou.

2.4. Mínimos Esixibles:

- Identificar a Xesús coma un neno igual ca él.
- Identificar ós membros da familia de Xesús.
- Identificar e recoñecer ós personaxes do Belén.
- Identificar símbolos e imaxes relixiosas do entorno.
- Emprega xestos de respecto, axuda, cariño, comprensión, compartir,...
- Distinguir actitudes básicas positivas e negativas.
- escoitar con atención un relato.
- Participar nas actividades grupais.

3. Contidos.

1. A Creación, obra de Deus e agasallo os seus fillos. Gratidade e admiración pola Creación. Colaboración e respeto pola natureza.
2. Deus é noso Pai, cóidanos e convidanos a servir ós demais.
3. Deus fala. A Biblia, o libro santo dos cristiáns.
4. Algúns textos importantes referidos a Xesús e María.
5. Valoración da saúde como regalo de Deus. Medios que Deus nos ofrece para conservar a saúde: cercanía das persoas que nos queren, alimentos, vestido e limpeza.
6. O amor de Xesús. Relatos do Nacemento, vida, morte e Resurrección de Xesús.
7. Xesús coida das persoas e preocúpase por elas. Pasaxes do Evanxeo: a ovella perdida, as vodas de Caná, ...
8. Deus quere que nos amemos como nos ama Él. Actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relación cos demais.
9. A manifestación do amor cristiano en xestos concretos: saudar, axudar, compartir, perdoar.

10. A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá. A Igrexa, parte da familia cristiá.
11. O comportamento c@s amig@s, compañeir@s na escola e persoas da contorna.
12. Principais festas cristiás.
13. Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos cercanos @ nen@.

4. Criterios de Evaluación.

Os criterios na educación infantil pretenden ser para o mestre de relixión algúns indicadores na avaliación contínua e observación d@s nen@s para poder reconducir seu propio aprendizaxe. Coñecer ó nen@ e axudarlle no seu crecemento é o criterio esencial. Calquer avaliación que se pretenda nesta etapa deberá realizarse globalmente coas mútuas observacións e informacións dos restantes ámbitos de experiencia.

1. Saber observar os referentes relixiosos do seu entorno
2. Saber o significado das palabras con sentido relixioso mais usadas no seu propio vocabulario.
3. Respetar os signos e símbolos relixiosos da súa contorna.
4. Familiarizarse cunha primeira síntese de fe.
5. Adquirir o gusto polo bo obrar.
6. Apreciar os valores cristiás que facilitan a convivencia.

5. Estándares de Aprendizaxe:

1. Sabe observar os referentes relixiosos do seu entorno.
2. Aprende a respetar os signos relixiosos do seu entorno.
3. Está coñecendo o amor de Deus Pai que lle quere e coas ensinanzas do seu Fillo Xesús.
4. Alégrase de que Deus ó creara e tamén a natureza.
5. Progresa na súa admiración polo amor que Xesús nos ten.
6. Sabe que os cristiáns confiamos en Xesús, lle pedimos e dámoslle grazas.
7. Valora moito e gústanlle algúnhas pasaxes do Evanxeo: a ovella perdida, as vodas de Caná, Xesús e @s nen@s.
8. Sabe e alégrase coa Virxe María, Nai de Deus e Nai Nosa.
9. Sabe onde está a Casa de Deus e a nosa, a Igrexa.
10. Gústalle ter amig@s e compartir con eles coma irmáns pois Deus é Pai de tod@s.
11. Sabe que moitos nos atenden e queren, dánnos alimentos, vestido e limpeza.
12. Asume algún valores que Xesús lle ensina: comparti-las cousas, perdoar e ser perdoados, e axudar @s compañeir@s.
13. Aprecia os valores cristiáns que facilitan a convivencia. Respetar ós demais, os seus libros, e os seus xogos.
14. Progresa nas actitudes para amar e ser amado.

6. Competencias Clave.

6.1. Competencia en Comunicación Lingüística.

1. Expresar oralmente sentimentos e emocións.
2. escoitar e comprender contos, relatos e producións literarias.
3. Expresarse de forma clara e coherente cun vocabulario adecuado a súa idade.
4. Utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación oral.

6.2. Competencia Social e Cívica.

5. Identificar e valorar os elementos da natureza.
6. Respetar as normas sociais establecidas con relación ao coidado da natureza.
7. Valorar a importancia do corpo e as relacións afectivas que se establecen con él.
8. Identificar e valorar os principais personaxes do nacemento de Xesús.
9. Poñer de manifesto un sistema de valores basados no respecto.
10. Aprender a comunicarse cos demais e comprender o que estes transmiten.
11. Comprender a relación do cristián cos obxectos relacionados con Xesús.

6.3. Competencia Cultural e Artística.

12. Demostrar suficiente destreza motriz na manipulación dos instrumentos para a creación plástica.
13. Participar activamente na audición e interpretación de cancións.
14. Disfrutar e participar nas festas e celebracións do nadal.
15. Crear as súas propias producións artísticas plásticas de acordo a uns criterios marcados.

6.4. Competencia de Aprender a Aprender.

16. Resolver actividades poñendo de manifesto a capacidade de atención e percepción visual.
17. Descubrir as posibilidades de movemento do corpo.
18. Favorecer a confianza nun mesmo.
19. Resolver actividades poñendo de manifesto a súa capacidade de atención.
20. Favorecer o gusto por aprender.

6.5. Competencia de Autonomía e Iniciativa Persoal.

21. Resolver con seguridade e confianza as tarefas encomendadeas.
22. Coñecer o seu esquema corporal e descubrir as posibilidades motoras que lle ofrece.
23. Descubrir na súa relación cos demais, as necesidades propias e alleas, e ser capaz de pedir axuda e de prestar a súa axuda.
24. Demostrar cariño e afecto na súa relación cos demais.
25. Mostrar actitudes de esforzo e superación ante as dificultades.
26. Desenvolver valores persoais como a responsabilidade.

6.6. Competencia no Coñecemento e Interacción co Medio Físico.

21. Observar a natureza e a interacción das persoas nela.
22. Identificar e definir pola súa utilidade as diferentes partes do corpo.
23. Realizar observacións para coñecer os personaxes que forman o nacemento de Xesús.
24. Identificar diferentes membros da familia diferenciándoos co seu parentesco.
25. Desenvolver positivamente a relación cos membros da familia.
26. Mostrar actitudes de amor e de axuda aos demais.
27. Realizar observacións para comprender mellor a realidade.
28. Localizar no noso contorno inmediato obxectos relacionados con Xesús.

7. Metodoloxía.

Os principios metodolóxicos que guiarán a actuación docente na aula de educación infantil serán os seguintes:

*PRINCIPIO DE CONSISTENCIA EVOLUTIVA: Que consiste en partir do nivel de desenvolvemento d@ alumn@. Para iso é necesario coñecer a súa capacidade, competencia cognitiva, experiencias e coñecementos previos, xa que estes van condicionar a aprendizaxe.

*PRINCIPIO DE APRENDIZAXE SIGNIFICATIVA: Debemos asegurar a construción de aprendizaxes significativas e funcionales, isto conséguese facendo que o novo contido relaciónese co que @ alumn@ xa sabe, asimilándoo e integrándoo na súa estrutura cognitiva.

*PRINCIPIO DE APRENDER A APRENDER: É dicir que @s alumn@s sexan capaces de realizar aprendizaxes significativas por si mesm@s.

*PRINCIPIO DE ACTIVIDADE: Partir da intensa actividade d@ nen@ que debe ser o principal protagonista do seu proceso de aprendizaxe.

*PRINCIPIO DE INDIVIDUALIZACIÓN: É importante coñecer a situación particular de cada nen@: os seus intereses, as súas circunstancias, o seu estilo e ritmo de aprendizaxe para adecuarnos a él.

*PRINCIPIO DE SOCIALIZACIÓN: Debemos buscar a integración d@ nen@ na sociedade.

*PRINCIPIO DE INTUICIÓN: Hai que partir dun coñecemento directo e inmediato a través do uso dos sentidos. O pensamento d@ nen@ está ligado ao concreto, de aí a importancia da manipulación, observación e experimentación de todo o que rodea.

*PRINCIPIO DE XOGO: Hai que destacar a importancia do xogo como actividade propia desta etapa. Conxúntanse por unha banda o seu forte carácter motivador e por outra a posibilidade de establecer relacións significativas.

*PRINCIPIO DE MOTIVACIÓN: É importante ter en conta o interese d@ nen@ para que haxa aprendizaxes significativas.

MODIFICAR OS ESQUEMAS DE COÑECEMENTOS QUE POSÚE: Para que se produza unha aprendizaxe e un desenvolvemento é necesario que as informacións novas produzan conflitos n@ nen@.

*IMPORTANCIA DA DIMENSIÓN AFECTIVA: O educador debe establecer c@ nen@ unha relación de calidade, debe facer que @ nen@ séntase querido e crear un ambiente cálido, acoledor e seguro.

*ENFOQUE GLOBALIZADOR das situacións de ensino- aprendizaxe; non debemos esquecer que a visión que ten @ nen@ do mundo é global e sintética.

Será unha metodoloxía activa, creativa, comunicativa, participativa e inclusiva, que combina as actividades individuais coas grupais, e a aprendizaxe real dos contidos coa súa aplicación práctica á vida diaria. Promoverá o protagonismo do alumnado mediante escoita atenta e o diálogo, as actividades lúdicas e participativas, a presentación en público dos traballos, a manifestación de opinións, etc. Respetará as curiosidades e inquietudes d@s alumn@s ademais dun seguemento dos criterios de avaliación. Avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de aprendizaxe sen esquecer a obxectividade que garanta unha valoración adecuada da adicación, esforzo e rendemento.

Tendo en conta a realidade vivida pola Covid19 e seguindo o protocolo establecido , polo momento non realizaremos actividades nas que sexa necesario compartir material ou traballar directamente (sempre empregaremos a distancia de seguridade e desinfección oportunas) en parellas ou grupos.

Debido ó momento excepcional que estamos a vivir pola COVID-19, poderanse dar tres posibilidades:

- a) Que o curso sexa 100% presencial, no que a maiores se terán en conta as medidas sanitarias que se desprenden do protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 para o curso 2020-2021.
- b) Que se produza unha situación de confinamento, neste caso empregaremos os recursos tecnolóxicos como ferramenta fundamental para poder facer chegar os

aprendizaxes ao alumnado e estar en contacto coas familias: teléfono, correo electrónico, sesións a través de: Falemos, Webex, ademais da aula virtual, abalar móvil. Neste caso, a avaliación realizaríase valorando o traballo e implicación do alumnado, tendo como referencia o que estableza a lexislación vixente nese momento.

c) No caso de semipresencialidade, combinaranse os dous sistemas anteriores.

8. Temporalización.

Todos os contidos recollidos nesta programación serán fixados para todo o curso. Realizarase unha programación de aula para garantir o mellor desenvolvemento destes contidos, a cal será revisada e se concretará en función da evolución do grupo e da posible situación de confinamento debido a Covid.

9. Instrumentos de Avaliación.

A avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe será global, continua e formativa. Periódicamente informarase aos titores da marcha de cada alumno.

Cabe sinalar 3 momentos:

- Ao principio do curso e de cada unidade didáctica para determinar o punto de partida (avaliación inicial).
- Durante o proceso de ensino aprendizaxe, sendo a principal técnica a observación directa e sistemática (avaliación continua).
- Ao final de cada unidade, trimestre e curso escolar (avaliación final).

Os principais instrumentos de avaliación que utilizarei son os seguintes:

- Os informes anteriores d@s nen@s.
- O diario de aula.
- Rexistros de observación.
- Escalas de estimación.
- Coloquios e diálogos.
- A análise das producións debidamente ordenadas e fechadas para avaliar os seus progresos.

O proceso de avaliación , durante este curso escolar pode verse sometido a posibles cambios dictados pola Consellería de Educación. En dito caso, seguiremos en todo o momento o protocolo establecido.

10. Medidas de Atención á Diversidade.

A etapa de educación infantil ten un marcado carácter preventivo e compensador. Dada a gran importancia da intervención temprana para evitar que os problemas no desenvolvemento intensifíquense, esta etapa é especialmente crítica e precisa da máxima atención para que as distintas instancias actúen coordinadamente en relación aos nenos/as con necesidades educativas especiais.

Por iso ante calquera tipo de necesidade educativa especial debemos darlle unha atención individualizada e adecuada ás súas características peculiares.

A nivel xeral e ante algún nen@ con algún tipo de necesidade, podemos acudir ao departamento de orientación que nos orientará e se é necesario realizará unha avaliación psicopedagóxica. Desde a aula podemos levar a cabo distintos tipos de adaptacións:

- Adaptacións de acceso ao currículo: referidas a aspectos materiais e persoais.
- Adaptacións curriculares: RE e ACI.

A metodoloxía xeral para este tipo de alumn@s será:

- Actividades con diferentes grados de dificultade.
- Actividades de libre execución en función dos seus intereses.
- Actividades con diferentes tipos de agrupamentos.
- Actividades que teñan aplicación na vida cotiá.
- Reforzar positivamente os logros do neno/a.
- Creación dun clima cálido, acogedor e seguro no que @ nen@ séntase querido, aceptado, respectado, valorado, confiado.
- Se contamos con alumn@s inmigrantes que descoñezan as dúas linguas, apoiámonos en imaxes e xestos, asignarémolle un alumn@-titor, enriquecemento mutuo, buscaremos a súa integración a través de xogos e actividades grupais...

Son medidas xerais para adaptar a cada aula. Nestes momentos temos limitacións polo COVID-19, non poderemos usar a metodoloxía cooperativa pola distancia de seguridade e polas estruturas de aprendizaxe nas que se comparten materiais nin calquera outra actividade que non estea acorde co protocolo de centro respecto ao COVID-19.

Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

10. Medidas Xerais que favorecen a todo o alumnado.

- Procurar un **ambiente estruturado e previsible** na aula, elaborando de forma consensuada as **normas de aula** e as consecuencias do seu cumprimento e incumprimento. Estas normas deben estar visibles e ser repasadas con frecuencia.
- As **mesas** dos alumnos/as estarán ordenadas e enriba da mesa só estarán os materiais que necesiten para realizar a tarefa, e, ao remate, deberán recollelos e gardalos.
- Utilización do **reforzo positivo** sempre que sexa posible. Corrixir en privado e felicitar tanto en público como en privado (levar os traballos á casa cunha felicitación, nota positiva na axenda, etc.). Ofrecerlle actividades e experiencias de éxito e reforzar os logros. Mostrar os traballos ben realizados pode axudar aos alumnos a mellorar a súa autoestima, a súa motivación cara á tarefa e as súas expectativas.
- Emprego de **metodoloxías motivadoras** que promovan a inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, como o aprendizaxe por proxectos, aprendizaxe cooperativo.
- Emprego de **estratexias para captar a atención** inicial: cambios de entoación, utilización de actividades motivadoras. Antes de comezar unha actividade, explícase de forma clara asegurándonos de que todo o alumnado a entendeu.
- Buscar **reforzos visuais ou auditivos** para traballar os contidos das diferentes materias e dar información verbal e visual simultaneamente. Introducir o tema (sempre que sexa posible) por medio de imaxes, vídeos, cancións... **murais** interactivos, ...

11. Materiais e Recursos Didácticos.

Os recursos e materiais que imos utilizar este ano son:

- CD-ROM de Recursos Didácticos.
- CD audio de cancións e melodías.
- Diversos xogos
- DVD's diversos de contido relixioso
- Recursos ubicados na Internet.

Recursos materiais:

- Orzamento da aula e do centro.
- Recursos informáticos.
- Programas informáticos e internet.

- Documentación institucional do centro.
- Material funxible.
- Material didáctico.

12. Educación en Valores.

A educación en valores preséntase como un conxunto de contidos que interactúan en todas as áreas do currículo escolar, e o seu desenvolvemento afecta á globalidade do mesmo; non se trata dun conxunto de ensinamentos autónomos, senón máis ben dunha serie de elementos da aprendizaxe sumamente globalizados, estudados dentro de todas as especialidades.

A aprendizaxe significativa, que se establece sempre desde a realidade inmediata do alumno, propicia ademais esta forma de abordar os valores, dado que a mesma situación contextual que introduce os coñecementos dunha área serve de base a estes contidos. Ademais, a metodoloxía adecuada debe coidar especialmente a coherencia entre os contidos e a forma de actuar na aula.

Entre os valores que teñen unha presenza máis relevante nesta etapa destacamos:

- Respetar os compañeiros e manter unha relación cordial.
- Respetar e coidar o medio ambiente.
- Valorar a importancia de coidar o propio corpo.
- Respetar as diferenzas entre os seres humanos.
- Valorar a linguaxe como medio de comunicación entre os seres humanos: diálogo e tolerancia.
- Mostrar interese polas festas tradicionais e respectar as diferentes formas de celebralas.
- Recoñecer e respectar os distintos tipos de familias.
- Valorar a escoita de contos e a lectura como medio de gozo persoal.
- Recoñecer o valor das cousas e ter disposición para un consumo responsable.
- Fomentar a autoestima.
-

13. Actividades Complementarias e Extraescolares.

As actividades complementarias e extraescolares do curso estarán condicionadas á evolución da pandemia e as modificacións no protocolo COVID-19.

14. Contribución o Desenvolvemento dos Plans e Proxectos do Centro.

Como aplicación do **Plan Lector do Centro**, dado que na ensinanza da Relixión Católica nas etapas de Educación infantil e primaria primase a forma oral da lingua, as actividades relacionadas co proxecto lector refírense sobre todo á estimulación do gusto pola lectura mediante a escoita e representación de contos. Tamén se realiza nas horas de lectura

estipulada no centro, lecturas de contos, tanto da biblioteca de centro como dos títulos que se dispón na biblioteca de aula, así como o visionado de historias.

Respecto ao **Plan de introdución das TIC**, entendo que os medios audiovisuais son indispensables na nosa labor docente, empregaremos as TIC para a búsqueda de información e elaboración de traballos. Empregaránse tamén programas informáticos adaptados á idade e nivel evolutivo d@s nen@s, que se utilizan tanto no propio ordenador da aula como na pizarra dixital da aula de informática.

Tamén desenvolveremos diversas actividades que se propoñan dende o equipo de biblioteca, tratándose de forma destacada no día da paz con cancións e textos nos que se analiza e lévase @s nen@s a reflexión sobre as relacións persoais, o respecto e a resolución de conflitos. Deste xeito contribúese ao **Plan de convivencia**.

15. Procedementos para Avaliar a propia Programación.

Para avaliar a adecuación da programación á consecución dos obxectivos educativos propostos valoraranse:

- Os resultados das avaliacións e a porcentaxe de alumnado que supera os contidos da materia.
- Nivel de competencia acadado, vocabulario adquirido, destreza no uso de programas informáticos, uso da biblioteca...

Debido á situación actual vivida pola Covid 19 , dita programación poderá sufrir ao longo do curso as modificacións necesarias por causa de confinamentos e seguindo ás órdenes da Consellería de Educación.